

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 23 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter definitivo, as persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como as exentas e non exentas do exercicio de lingua galega, no concurso-oposición para o ingreso na categoría de pinche, polos sistemas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral, convocado pola Resolución do 13 de decembro de 2019.*

Mediante a Resolución desta dirección xeral do 13 de decembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 245, do 26 de decembro), modificada pola Resolución do 21 de decembro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 256, do 22 de decembro), convocouse o concurso-oposición para o ingreso na categoría de pinche, polos sistemas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral.

Mediante a Resolución do 18 de xuño de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 131, do 12 de xullo) publicouse a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como dos/das exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega.

Logo de finalizado o prazo de emenda previsto na base sexta da resolución de convocatoria, e de conformidade co disposto na citada base, este centro directivo, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. Declarar, con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como os/as exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega, no concurso-oposición para o ingreso na categoría de pinche, polos sistemas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral, convocado pola Resolución do 13 de decembro de 2019.

Segundo. As listas coa relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, así como as declaradas exentas e non exentas da realización do exercicio de lingua galega, poderanse examinar na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.



Terceiro. De conformidade coa base 6.3 da Resolución do 13 de decembro de 2019, contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 8.2 e 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con carácter previo, poderán interpor recurso de reposición, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2021

Ana María Comesaña Álvarez  
Directora xeral de Recursos Humanos

